

UD 1 O DIÑEIRO

1. O diñeiro e as súas formas.
 2. Os diferentes modos de pagamento.
 3. Os prezos e a inflación.
 4. As facturas e os tickets de compra.
 5. A nómina ou recibo de salarios básico: a diferenza entre ingresos netos e brutos.
 6. A importancia das obrigas fiscais e sociais para o mantemento do estado de benestar.
-

1. O diñeiro e as súas formas

O **diñeiro** é un medio de intercambio que usamos para comprar bens e servizos. Ao longo da historia, as súas formas foron cambiando:

- **Troco:** O intercambio de bens e servizos sen usar diñeiro. Era moi complicado!
- **Diñeiro-mercadoría:** Obxectos de valor (sal, cunchas, etc.) que se utilizaban como diñeiro.
- **Moedas e billetes:** O diñeiro físico que todos coñecemos. O seu valor non está no material, senón na confianza que temos no goberno ou na institución que o emite (diñeiro fiduciario).

Como diferenciar o diñeiro auténtico do diñeiro falso?:

O **euro** ten moitos elementos de seguridade para evitar as falsificacións. Podes recoñecelos con tres sinxelos pasos:

1. **Tocar:** Sente o relevo do papel e os billetes.
2. **Mirar:** Contraluz, verás a marca de auga e o fío de seguridade.
3. **Xirar:** O número verde da parte inferior cambia de cor e a imaxe do holograma cambia.

2. Os diferentes modos de pagamento.

Hoxe en día, podemos pagar de moitas maneiras. Cada unha ten as súas vantaxes e os seus riscos:

- **En efectivo:** O diñeiro físico. É inmediato e non precisa tecnoloxía, pero é fácil de perder ou roubar e non deixa rexistro da compra.

- **Tarxeta de débito/crédito:** Paga directamente desde a túa conta bancaria (débito) ou pide un crédito ao banco (crédito). É cómodo e seguro, pero debes ter coidado coa túa información.
- **Pagamento por móbil (Bizum, etc.):** Permite facer transferencias de diñeiro entre teléfonos móbiles de xeito sinxelo. É moi rápido, pero só funciona entre usuarios que teñan o servizo activado.
- **Pagamento en liña:** Úsase para comprar por internet. É fundamental que a páxina sexa segura (buscando o símbolo do cadeado no enderezo web).

Exemplo: [Modos de pago en Zara](#)

Consellos para mercar de forma segura en internet

Hoxe en día, a maioría de nós mercamos cousas a través do móbil ou do ordenador: roupa, videoxogos, entradas de cine... É rápido e cómodo, pero tamén ten os seus riscos. Por iso, é moi importante saber como facelo de forma segura para protexer os teus datos e o teu diñeiro.

a) Onde mercar? Busca tendas fiables

- **Tendas coñecidas:** É máis seguro mercar en páxinas que xa coñeces, empresas grandes que teñen sistemas de seguridade fortes.
- **Ollo coas páxinas descoñecidas:** Se atopas unha tenda que non coñeces, investiga un pouco. Busca opinións doutros compradores en internet para ver se a xente fala ben dela. Desconfía das páxinas que teñen prezos increíblemente baixos ou que parecen ter erros de escritura ou deseño.

b) Como saber se unha páxina é segura?

- **Busca o candado:** Antes de poñer os teus datos bancarios, mira se na barra de direccións do navegador aparece un **candado** pechado. Isto significa que a conexión é segura e os teus datos viaxan cifrados (como se fosen nunha caixa forte).
- **A "s" de seguridade:** A dirección da web debe comezar por **https://** e non só **http://**. A "s" é de **seguridade**. Se non está, non é un sitio seguro.

c) O teu diñeiro e os teus datos, ben gardados

- **Tarxetas de prepago ou virtuais:** Moitos bancos ofrecen tarxetas virtuais ou de prepago que podes recargar só co diñeiro que vas gastar. Así, se alguén rouba os datos desa tarxeta, só poderá coller esa pequena cantidade, non todo o que teñas na túa conta bancaria.

- **Nunca uses wifi públicas:** Cando vaias pagar, asegúrate de que estás conectado á túa wifi de casa (que é privada) ou usando os datos do teu móbil. As redes wifi públicas de cafeterías ou centros comerciais son máis doadas de hackear, e os ladróns poderían ver o que fas.

d) Antes de pagar, revisa todo!

- **Lee as condicións:** É un pouco aburrido, pero antes de pagar, revisa as condicións de compra: canto custan os gastos de envío, canto tardará en chegar, e se podes devolver o produto se non che gusta.
- **Garda os recibos:** Cando fagas a compra, garda o correo de confirmación e o número de pedido. Serán a túa proba se algo sae mal co envío ou se necesitas devolver o produto.

3. Os prezos e a inflación

O **prezo** é o valor monetario que se lle pon a un produto ou servizo, ou o que é o mesmo, a cantidade de diñeiro que pagamos por un ben ou servizo.

O **poder adquisitivo** é a cantidade de bens e servizos que podes mercar co teu diñeiro. Se tes 10 euros, o teu poder adquisitivo é o que podes mercar con eses 10 euros.

A **inflación** é o aumento **xeral e sostido** dos prezos nunha economía durante un período de tempo:

- **Xeral:** Non se trata de que suba o prezo dun só produto, senón de que soben os prezos da maioría dos produtos á vez.
- **Sostido:** os prezos suben e non volven baixar.

Se a inflación é alta, o teu diñeiro vale menos, porque podes mercar menos cousas coa mesma cantidade. Dito doutro xeito, o teu poder adquisitivo diminúe. [O monstro da inflación según o BCE](#)

As principais causas da inflación son:

1. **Máis demanda que oferta:** Moita xente quere mercar un produto, pero non hai suficientes. O prezo sobe. Exemplo: as entradas para un concerto dun grupo famoso esgótanse e a xente está disposta a pagar máis na revenda.
2. **Aumento dos custos de produción:** Suben os salarios das persoas que traballan, o prezo da enerxía ou as materias primas. As empresas teñen que subir os prezos dos seus produtos para non perder cartos. Exemplo: se sobe o prezo do trigo, sobe o prezo do pan.

[Como se mide a inflación? Vídeo INE](#)

4. As facturas e os tickets

Son documentos moi importantes na nosa vida cotiá.

- **O ticket ou ticket de compra** é un xustificante de pagamento que proba que fixeches unha compra. Ten información básica: o nome da tenda, a data, os produtos e o prezo final. Gárdao sempre, porque é a túa **garantía** e proba de compra se queres devolver algo. [Exemplos tickets de compra](#)
- **A factura** é un documento máis completo, que se usa sobre todo entre empresas ou para compras máis grandes. Debe detallar información como a data da venta, a descripción dos produtos e servizos, o prezo e os impostos correspondentes. [Exemplo factura.](#)

5. A nómina ou recibo de salarios básico: a diferenza entre ingresos netos e brutos.

O recibo de salarios (a nómina) é o documento que che entrega a empresa cada mes e no que se detalla o salario que gañas, os descontos (impostos, Seguridade Social) e o diñeiro que realmente che pagan.

A diferenza entre ingresos netos e brutos é fundamental para entender a túa nómina:

- **Salario BRUTO:** É o teu salario total, sen descontos. É o que se pacta no contrato de traballo.
- **Deducións:** Son as túas contribucións obrigatorias para a Seguridade Social e o IRPF. É unha forma de colaborar para manter os servizos públicos.
- **Salario NETO:** É o diñeiro que realmente recibes na túa conta bancaria. É o salario bruto despois de que a empresa teña deducido os impostos (IRPF) e as cotizacións á Seguridade Social.

Para entender por que o diñeiro que a empresa di que che paga non é o mesmo que o que che chega ao banco, debes analizar detalladamente o seguinte exemplo:

EXEMPLO DE NÓMINA SIMPLIFICADA

Empresa: Empresa de Probas, S.L. **Traballador/a:** Sara Pérez García **Período de Liquidación:** Xaneiro 2024

1. DEVENGOS (O QUE GANAS EN TOTAL - SALARIO BRUTO)

Esta é a parte que suma todo o que gañaches co teu traballo no mes, antes de que che quiten nada. É o teu **salario bruto**.

Concepto	Cantidade (€)
Salario Base	1.500,00
Complemento por Transporte	100,00
Prorrata de Pagas Extras*	200,00
TOTAL DEVENGOS (SALARIO BRUTO)	1.800,00 €

Nota aclaratoria: Moitas empresas dividen as 2 pagas extras (verán e Nadal) en 12 mensualidades para que o traballador as reciba cada mes. Neste caso, 200 € é a parte correspondente a este mes.

2. DEDUCIÓNS (AS "QUITAS" OBRIGATORIAS)

Esta é a parte que resta. Son os descontos que a lei obriga a facer para o ben de toda a sociedade. A empresa quítache este diñeiro e págallo directamente ao Estado.

Concepto	Cantidade (€)
Aportacións á Seguridade Social	
(Para pagar o desemprego, a formación, as pensións...)	115,20 €
Retención por IRPF	
(É o imposto para financiar a sanidade, educación, estradas...)	180,00 €
TOTAL DEDUCIÓNS	295,20 €

3. LÍQUIDO A PERCIBIR (O QUE RECIBES NO BANCO - SALARIO NETO)

Esta é a cantidade final que a empresa che ingresa na túa conta bancaria. É o resultado de restar as deducións aos devengos. É o teu **salario neto**.

Concepto	Cantidade (€)
TOTAL DEVENGOS (Salario Bruto)	1.800,00 €
- TOTAL DEDUCIÓNS	- 295,20 €
TOTAL LÍQUIDO A PERCIBIR (Salario Neto)	1.504,80 €

6. A importancia das obrigas fiscais e sociais para o mantemento do estado de benestar.

Os impostos son cartos que os cidadáns pagamos para financiar os servizos públicos, como a sanidade (hospitais), a educación (colexios e institutos), as estradas, a policía, etc. Por iso o diñeiro que se nos desconta da nómina (como vimos no punto anterior) non desaparece, senón que se usa para o ben de toda a sociedade.

- **O Estado do benestar** é o sistema que garante que todos os cidadáns teñan acceso a estes servizos básicos e teñan unha calidade de vida digna. E isto só é posible grazas aos nosos impostos, a cidadanía contribúe con parte dos seus ingresos e, a cambio, o Estado garante servizos públicos esenciais para todos. É un sistema de solidariedade que en España se concreta na sanidade, a educación e as pensións públicas.

As dúas principais fontes de ingresos para soste o Estado de benestar son: **O IRPF (Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas) e as Cotizacións á Seguridade Social**

EXERCICIOS

1. "Señales de alarma: como identificar billetes falsos": **investiga e presenta** cada un dos elementos de seguridade dos billetes de euro nun folio, para montar entre todos un cartel explicativo cos mellores traballos.
2. **Deseña unha infografía** sobre "Consellos para comprar de forma segura en internet".
[Plantillas Canva](#)
3. Tendo en conta as consecuencias da inflación, **explica** cómo che afectaría nos seguintes casos:
 - Estás xubilado e cobras unha cantidade fixa de pensión que non crece.
 - Tes que mercar un coche.
 - Tes aforros na túa conta corrente pola que non che pagan ningún interés.
 - Tes unha bodega que produce viño denominación Rías Baixas do que exportas unha boa parte a USA.
4. Imaxina que cobras 1.000 € ao mes, se unha barra de pan custa 1 €, podes mercar 1.000 barras, se o prezo da barra de pan sube a 2 €, só podes mercar 500 barras.
 - a) Tes menos diñeiro?.
 - b) Que pasou co teu poder adquisitivo?.
 - c) Define que se entende por poder adquisitivo.
 - d) Que tería que ocorrer para que se mantivera o teu poder adquisitivo tras a suba do prezo do pan.
5. Actividade de **investigación individual**:
 - a) Pregunta aos teus pais e aos teus avós, polo prezo máis antigo que lembran dos seguintes bens: unha barra de pan, unha entrada de cine, un billete de autobús urbano e o primeiro automóbil que mercaron na súa vida.
 - b) Pide que che digan a que ano corresponde cada prezo.

- c) Empregando a ferramenta de actualización de rentas que nos facilita o [INE](#) , calcula o importe que suporían eses prezos a día de hoxe tendo en conta a inflación acumulada.
- d) Anota a taxa de variación da inflación para cada un dos periodos.
- e) En que periodo dos analizados a taxa de inflación acumulada foi máis elevada?. Pensa posibles causas para esa subida de prezos.
6. Afecta a inflación a todas as persoas por igual?, por exemplo, a unha persoa maior que vive coa súa pensión e a unha persoa nova que ten un bo soldo?.
7. Que podemos facer para protexer o noso diñeiro da inflación?.
8. Seguindo o modelo amosado, elabora unha factura na que a túa empresa vende 100 kilos de mazás a unha froitería da cidade.
9. **Xogo de role-play en parellas:** Un de vós representa o papel de comprador que quere devolver un produto e outro é a persoa encargada da tenda.
- a) Antes de comezar pensade a documentación que tedes que aportar ou solicitar e elaborádeas.
- b) Unha vez rematada a representación anotade na libreta as dificultades atopadas por cada unha das partes e como foron resoltas.
10. Xabier é un empregado nunha tenda de tecnoloxía. Este mes a súa nómina ten os seguintes datos:
- **Salario Base:** 1.600 €
 - **Plus por vendas:** 200 € (é un complemento que gañou por cumprir os obxectivos de vendas)
 - **Deducións obrigadas por lei:**
 - **Aportación á Seguridade Social:** 6% do total dos devengos.
 - **Retención por IRPF:** 10% do total dos devengos.
- a) Usa a plantilla da nómina que aparece ao final dos apuntamentos para completar os cálculos do salario neto.
- b) Que é o salario bruto de Xabier? Que dous conceptos o forman?
- c) Por que a Xabier non lle chega á conta bancaria o mesmo que gañou en bruto?
- d) Para que serve o diñeiro que lle descontan a Xabier en concepto de IRPF e Seguridade Social
11. **Debate:** "Por que non recibo o 100% do que gaño?".
- a) Media clase debe facer unha lista na que enumere as distintas razóns polas que é importante aplicar retencións para o financiamento do sistema público.
- b) A outra media clase debe buscar os seguintes datos: número de traballadores en España, estimación da recadación por retencións de IRPF e Cotizacións á Seguridade Social o ano pasado, gasto en pensións, gasto en sanidade e gasto en educación o ano pasado.
- c) A continuación iniciamos o debate sobre a necesidade/alternativas ao sistema actual de recadación a través das deducións do salario bruto dos traballadores.
12. Se os cidadáns non pagasen impostos, que pasaría cos hospitais e os colexios públicos?
13. Pensa nun servizo público que uses ti ou a túa familia e que sexa importante para vós. Cal é? Por que é importante para ti que sexa público?

- 14.** Para cada unha das seguintes citas de personaxes célebres, redacta unha breve interpretación e argumenta se estás ou non de acordo:
- F. Bacon. “O diñeiro é un bo servente pero un pésimo amo”.
 - J. Pla. “O diñeiro non dá a felicidade, pero tampouco é un serio obstáculo”.
 - W. Smith. “O diñeiro e o éxito non cambian ás persoas; unicamente amplifican o que xa está aí”.
 - P. Picasso. “Gustárame vivir pobre...pero con moito diñeiro”.
- 15.** As seguintes celebridades arruinadas ilustran, unha vez máis, que renda e riqueza (ou seguridade financeira) non sempre van da mesma man. Clasifica ditos exemplos en dúas categorías: aqueles que teñen que ver con decisións persoais ou de estilo de vida e aqueles que se deben á falta de cultura financeira ou influencia de terceiras persoas. Indica tamén para cada caso, como poderían ter evitado chegar a esa situación.
- Nicolas Cage (actor) gastou arrededor de 150 millóns de dólares en compras extravagantes (cabezas reducidas, cráneos de dinosaurios, unha illa privada,...). Os seus problemas financeiros levárano a vender parte das súas pertenzas persoais para cubrir as súas débedas.
 - Tom Brady (ex xogador de fútbol americano) perdeu máis de 30 millóns de dólares en investimentos de criptomoedas, cando a plataforma online FTX de compravenda destas últimas resultou ser unha fraude.
 - Allen Iverson (ex xogador da NBA) acabou na bancarrota debido ao seu estilo de vida luxoso, que incluía mansións, coches e xoias. Chegou a deber a un único xoieiro 859.000 dólares.
 - Mike Tyson (boxeador) gañou unha fortuna, pero acumulou unha grande débeda superior, por gastar grandes sumas en compras extravagantes (coma tigres exóticos).
 - Luis del Olmo (xornalista español) foi dos locutores de radio que máis diñeiro gañou en España. Viuse arruinado por ser vítima dunha estafa do seu asesor financeiro, que desviou máis de 14 millóns de euros das contas de del Olmo.
 - Michael Jackson (cantante) morreu cunha débeda de aproximadamente 500 millóns de dólares, debido ao seu nivel insostible de gastos. Unha das súas mansións estivo ao borde da execución hipotecaria.
 - Segundo a Universitat Oberta de Catalunya (UOC), o 70% dos agraciados co premio Gordo de Nadal acaban arruinándose nun prazo de cinco anos, porque non estamos psicolóxicamente preparados para gañar tanto diñeiro de repente.
- 16.** Buscar información sobre Amancio Ortega, describindo o que se coñece do seu estilo de vida e contrastándoo cos casos anteriores.



RECIBO INDIVIDUAL JUSTIFICATIVO DEL PAGO DE SALARIOS

Empresa: Domicilio: CIF: CCC:	Trabajador: NIF: Núm. Afil. Seguridad Social: Grupo profesional: Grupo de Cotización:	
Periodo de liquidación: del de al de de 20.....		
Total días <input style="width: 40px;" type="text"/>		
I. DEVENGOS	IMPORTE	TOTALES
1. Percepciones salariales		
Salario base		
Complementos salariales		
.....		
.....		
Horas extraordinarias		
Horas complementarias (contratos a tiempo parcial).....		
Gratificaciones extraordinarias.....		
Salario en especie.....		
2. Percepciones no salariales		
Indemnizaciones o suplidos		
.....		
Prestaciones e indemnizaciones de la Seguridad Social		
.....		
Indemnizaciones por traslados, suspensiones o despidos		
.....		
Otras percepciones no salariales		
.....		
A. TOTAL DEVENGADO.....		
I. DEDUCCIONES		
1. Aportación del trabajador a las cotizaciones a la Seguridad Social y conceptos de recaudación conjunta	%	
Contingencias comunes		
Desempleo.....		
Formación Profesional.....		
Horas extraordinarias.....		
TOTAL APORTACIONES.....		
2. Impuesto sobre la renta de las personas físicas.....		
3. Anticipos.....		
4. Valor de los productos recibidos en especie		
5. Otras deducciones.....		
B. TOTAL A DEDUCIR.....		
LÍQUIDO TOTAL A PERCIBIR (A – B).....		
Firma y sello de la empresa de de 20.....	RECIBÍ

CMI: BOE-A-2014-11837